

Acta da Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica do 5 de xaneiro 2022

Dando cumprimento á tramitación sinalada na resolución da Dirección Xeral da CRTVG do 28 de xuño do 2011 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese para TVG, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, e para seleccionar aqueles en que se propón a participación da CRTVG, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica acordou efectuar unha proposta baseada nos seguintes criterios e características:

- Favorecer a tarefa común de creación e sostemento dun sector audiovisual en Galicia que busque tamén unha mellora da sociedade, mesmo no aparentemente máis simple cometido do tempo de lecer e esparexemento.
- Apoiar na creación audiovisual unha identidade propia como un proceso aberto onde a Televisión participe en proxectos de promoción e ampliación de produtos feitos polo sector da creación cinematográfica e como servizo que promova a garantía da continuidade dos sinais identitarios da Comunidade.
- Participar en proxectos que destaquen pola súa creatividade, calidade, viabilidade e con capacidade de repercusión na sociedade, polos medios tradicionais ou a través da súa presenza mediática nas redes sociais.
- Facer un esforzo adicional no investimento en proxectos presentados do ámbito cinematográfico, que inclúe a Lei 7/2010, do 31 de marzo, de paso que se contribúe ao financiamento de películas e documentais, ben participando directamente na súa produción ou ben mediante a adquisición de dereitos, de acordo co Real Decreto 988/2015, do 30 de outubro.

- Ademais da calidade e viabilidade, préstase atención ao valor artístico e ao vencellamento coas realidades social e cultural galegas.
- Téñense en conta asemade os recursos humanos, biografías dos autores e historia das produtoras. De igual xeito, valóranse os recursos económicos implicados, así como as gravacións en territorio galego.

A Comisión acorda a participación da CRTVG nos seguintes proxectos cinematográficos:

- A longametraxe *Sica* (1 x 90'), unha produción de Miramemira en coprodución coa produtora catalana Alba Sotorra. Este proxecto conta xa cun sólido plan de financiamento que inclúe o apoio do ICAA, do ICEC e de Agadic e do programa Media.

Sica é unha historia universal na que a Costa da Morte, escenario dunha historia *coming of age* con toques de intriga, se converte nun personaxe máis. O relato parte do drama dunhas rapazas que perden a seus pais nunha traxedia no mar.

Esta será a estrea na ficción de Carla Subirana, que escribiu a historia tras visitar a Costa da Morte durante unhas vacacións familiares. A experiencia da directora como documentalista e o traballo de Mauro Herce dotarán o proxecto dun toque naturalista e luminoso.

Este proxecto axústase perfectamente ao selo dos produtores do filme *O que arde*, ben coñecedores do equilibrio entre a ficción fabulativa e o fondo documental. E desexamos que Miramemira con experiencia no mercado internacional poida desenvolver todo o potencial comercial deste filme.

Dirección: Carla Subirana

Guión: Carla Subirana

Produción executiva: Andrea Vázquez e Alba Sotorra

Achega por parte da TVG: 150.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

- A longametraxe + *Cuñados* (1 x 90'), é unha nova proposta de Portocabo Producións que segue o fío do éxito acadado pola comedia “Cuñados”, na que participou tamén TVG, que resultou ser unha das tres mellores estreas do 2021, sexta no ránking de películas españolas que máis recadou e con presenza en mercados internacionais.

+ *Cuñados* é unha comedia branca, para ver en familia, que apela a un público amplo co obxectivo de facer pasar un momento agradable ao espectador grazas á popularidade de actores recoñecidos da nosa pantalla coma Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez, Eva Fernández, Iolanda Muíños ou María Vázquez.

A rodaxe de + *Cuñados* será en galego e está pensada para continuar tanto a historia da peripecia dos personaxes, como as localizacións da primeira entrega: Ourense e os arredores. Outro sinal de identidade presente tamén na historia serán as adegas familiares, unha tradición que reúne as familias ao redor da terra e do traballo da vendima.

En relación ao financiamento, o modelo será semellante ao da primeira longametraxe e prevé a participación e o apoio de Agadic, TVE e Movistar.

Dirección: Toño López

Guión: Araceli Gonda

Produción executiva: Alfonso Blanco

Achega por parte da TVG: 150.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

- A longametraxe *Para ver o mar* presentada por Serviguide (1 x 80'), está inspirada na historia real de Agapito Pazos Méndez.

Será a primeira longametraxe de Xabier Eirís como director e guionista, que aborda aquí a historia de Telmo, un home que viviu máis de 70 anos pechado nun hospital e que só saíu nunha ocasión para ver o mar.

O sorprendente de *Para ver o mar* é que conta a historia da nosa terra, pero tamén a historia de toda España a través dos ollos dun home que medra entre as catro paredes dun hospital. As transicións durante o filme con numerosos materiais de arquivo achéganlle a esta ficción trazos documentais moi claros.

A potencia da historia, con referentes como poden ser *Mar adentro*, fai pensar que *Para ver o mar* podería ter un longo percorrido en diferentes ventás a escala nacional e internacional.

O proxecto é orixinal e presenta un interesante reto de produción, mesmo desde o punto de vista narrativo: o transcourir da historia ao longo de 70 anos a través dun único espazo (a habitación 415).

Dirección: Xabier Eirís

Guión: Héber Fernández Pérez / Xabier Eirís Rodríguez

Produción executiva: Alfredo Castro / Manuel López Cernadas

Achega por parte da TVG: 100.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

- A película *Jacinto* (1 x 94'), de Vizuals, dirixida por Javi Camino, é un filme de xénero que xa está a triunfar nacional e internacionalmente. Tivo a súa estrea mundial no GenreBlast de EUA (onde levou o premio a Best Midnight Movie, e Juanma Buiturón o premio a Best Supporting Actor) e a estrea nacional no festival de Sitges, onde acaba de ganar o premio do público.

Jacinto é un thriller que mestura humor e emoción a partes iguais. Unha divertida proposta de horror rural con envoltorio de comedia negra.

Cun modesto plan de financiamento que se apoia na axuda de talento de Agadic, a película é xa unha realidade que ten ademais un acordo de distribución con One Eyed Films, o que pon de manifesto o seu potencial de comercialización.

Dirección: Javi Camino

Guión: Javier Camino

Producción executiva: Xabier Eirís

Achega por parte da TVG: 50.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

- A longametraxe documental *Salvaxe, salvaxe* (1 x 80'), presentada por Walkie Talkie Films, é un filme de Emilio Fonseca producido por Xiana do Teixeiro. Un proxecto único como ensaio cinematográfico exploratorio, inmersivo, que obtivo a cualificación de película de interese cultural (ICAA, 2020) e que conta co apoio de Agadic.

A película é un proxecto multimedia que combina imaxe e audio rexistrados en ámbitos non cinematográficos; conta ademais cunha numerosa colaboración artística e científica e con valiosos materiais de arquivo.

Salvaxe, salvaxe toma o motivo do lobo ibérico no norte de Galicia e Portugal para cuestionar a realidade da vida salvaxe e o cineasta-naturalista, a través da súa observación, achega unha importante contribución á ecoalfabetización.

Dirección: Emilio de Fonseca

Guión: Emilio de Fonseca e Xiana do Teixeiro

Producción executiva: Xiana do Teixeiro

Achega por parte da TVG: 15.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión

- A longametraxe documental *Peregrinas, mulleres do camiño* (1 x 70'), proxecto de Teófilo Comunicación, está dirixido por Alberte Cabarcos co apoio do Xacobeo. É un percorrido pola historia do Camiño de Santiago desde unha perspectiva feminina que divulgará aspectos descoñecidos da ruta de peregrinación máis famosa da historia.

Da man da historiadora Marta González Vázquez, primeira investigadora que estudou o papel da muller e o Camiño, coñeceremos a catro peregrinas: Jimena Garcés, Santa Bona de Pisa, Isabel de Portugal e Marguery Kempe.

Dirección: Alberte Cabarcos

Guión: José Antonio Vázquez

Produción executiva: José Luis Teófilo Piñeiro e José Antonio Vázquez.

Achega por parte da TVG: 20.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

- O documental *Fillas do vento* (1 x 60') está dirixido polo xornalista e documentalista Adrián Vilas e producido por Trespés desenvolvemento local. Esta proposta documental quere facer un achegamento a un animal totémico: o cabalo do monte. *Fillas do vento* ofrecerá unha viaxe visual por unha paisaxe ancestral na que o ser humano convive co cabalo e co lobo, a súa maior ameaza.

A proposta combinará cámaras 4K e imaxes de arquivo para resaltar os cambios experimentados co paso dos anos.

Dirección: Adrián Vilas

Guión: Adrián Vilas – Alberte Román

Producción executiva: Alberte Román

Proposta de achega por parte da TVG: 10.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

- *A unidade componse da desorde* (1 x 90'), é un documental cultural de creación dirixido por Bruno Arias que establece un diálogo artístico coa súa tía, a desaparecida escritora Xela Arias.

Trátase dunha peza única e íntima que incorpora material de arquivo inédito e exclusivo para relatar a crónica dun proceso humano e compartido entre dúas xeracións.

Este experimento cinematográfico incorpora ademais un escenario de tipo teatral no que interveñen tres mulleres para representar as tres etapas vitais de Xela.

Dirección: Bruno Arias

Guión: Lucía Ramiro – Bruno Arias

Producción executiva: Álvaro Liste

Achega por parte da TVG: 5.000 €, en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

- *Mibots* (15 x 5'), é unha serie de animación 3D presentada por Producións A Fonsagrada, dirixida ao público infantil en clave de divertida comedia.

Mibots é unha simpática familia espacial de exploradores que teñen entre mans unha tola misión que é tentar comprender o mundo dos humanos desde a perspectiva da lóxica dos seus circuitos mentais.

Este proxecto constrúese co apoio de Á Punt Média, a televisión valenciana, e o Instituto Valenciano de Cinematografía e concíbese como unha experiencia multimedia ao redor de pímulas de animación destinadas non só á tradicional explotación broadcast, senón tamén ás plataformas e aplicacións en liña das propias canles de televisión.

Dirección: Nathalie Martínez e Maxi Valero

Guión: Jorge Riera e Maxi Valero

Produción executiva: Maxi Valero, Nathalie Martínez, Carlos Fernández e Laura Fernández

Achega por parte da TVG: 60.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión.

En Santiago de Compostela, a 5 de xaneiro de 2022.

<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/actividade-corporativa/contratos-e-convenios/proxectos-audiovisuais>